

















# Calendario de vacinación ao longo de toda a vida


Programa Galego de Vacinación

15 de setembro de 2022

VACINACIÓN	IDADE														
															
	Prenatal	2 meses	4 meses	11 meses	12 meses	15 meses	3 anos	6 anos	12 anos	14 anos	15-19 anos	20-64 anos	65 anos	66 anos	
Difteria-tétano e tose ferina	dTpa	DTPa	DTPa	DTPa				DTPa <sup>(1)</sup>		Td	Td		Td		
Poliomielite		VPI	VPI	VPI				VPI <sup>(1)</sup>							
<i>Haemophilus influenzae</i> B		Hib	Hib	Hib											
Hepatite B		HB <sup>(2)</sup>	HB	HB	HB										
Enfermidade meningocócica		MenB <sup>(3)</sup>	MenB <sup>(3)</sup> MenC		MenB <sup>(3)</sup> MenACWY <sup>(5)</sup>				MenACWY	MenACWY					
Sarampelo-rubéola e parotidite					TV		TV	TV							
Varicela						VVZ	VVZ	VVZ							
Virus do papiloma humano								VPH <sup>(4)</sup>	VPH						
Enfermidade pneumocócica		VNC	VNC	VNC									VNC	VNP	
Gripe	Gripe			Gripe (6 meses a 59 meses)									Gripe (60 anos en diante)		


ADMINISTRACIÓN SISTEMÁTICA


ADMINISTRACIÓN EN PERSOAS SUSCEPTIBLES OU NON VACINADAS CON ANTERIORIDADE


VACINA COMBINADA

(1) En nados a partir do 1 de xullo de 2016, vacinados aos 2, 4 e 11 meses, cando cumpran 6 anos de idade: DTPa+IPV. Nados antes desa data, vacinados aos 2, 4, 6 e 18 meses deben recibir dTpa aos 6 anos.

(2) Vacinaranse con pauta 0, 2, 4 e 11 meses (4 doses) os fillos de nai portadora ou con cribado descoñecido de hepatite B durante o embarazo.

(3) En nados a partir do 1 de setembro de 2022.

(4) Ademais da vacinación en mulleres, inclúese a vacinación en varóns nados a partir do 1 de xaneiro de 2010.

(5) En nados a partir do 1 de novembro de 2021.



# XUNTA DE GALICIA

## DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

### **Título:**

Calendario de vacinación ao longo de toda a vida. Instrución 6/22

Programa Galego de Vacinación

Actualización: 15 de setembro de 2022

Rectificación de erratas: páxinas 10 e 23

### **Edita:**

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública

Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles

### **Lugar e data de edición:**

Santiago de Compostela, 2022

### **Destinatarios:**

Centros de saúde / hospitais públicos / hospitais e centros médicos privados /  
outros tipos de puntos de vacinación / xefaturas territoriais da Consellería de  
Sanidade / áreas sanitarias

A información relativa a esta campaña pódese consultar na web da Dirección  
Xeral de Saúde Pública:

<https://www.sergas.es/Saude-publica/PGV>

# Calendario de vacunación ao longo de toda a vida

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN

SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA



# ÍNDICE

Siglas e acrónimos utilizados .....	4
Introdución.....	5
1. Vacinación fronte a difteria-tétano e tose ferina .....	7
2. Vacinación fronte á polio.....	10
3. Vacinación fronte ao <i>Haemophilus influenzae</i> tipo B (Hib) .....	11
4. Vacinación fronte á hepatite B .....	12
5. Vacinación fronte á enfermidade meningocócica .....	13
6. Vacinación fronte a sarampelo, a rubéola e a parotidite (vacina triple vírica).....	14
7. Vacinación fronte á varicela .....	15
8. Vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH) .....	16
9. Vacinación fronte á enfermidade pneumocócica .....	17
10. Vacinación fronte á gripe.....	18
Anexo I. Precaucións e contraindicacións máis frecuentes.....	21
Anexo II. Administración cronolóxica das vacinas do calendario.....	25

## Siglas e acrónimos utilizados

<b>dTpa</b>	Vacina fronte á difteria, tétano e tose ferina acelular con baixa carga antixénica
<b>DTPa</b>	Vacina fronte á difteria, tétano e tose ferina acelular infantil de alta carga
<b>HB</b>	Hepatite B
<b>Hib</b>	<i>Haemophilus influenzae</i> tipo B
<b>IGT</b>	Inmunoglobulina antitetánica
<b>MenACWY</b>	Vacina meningocócica conxugada fronte aos serogrupos A, C, W e Y (tetravalente)
<b>MenC</b>	Vacina meningocócica conxugada fronte a serogrupo C
<b>MenB</b>	Vacina meningocócica fronte a serogrupo B
<b>Td</b>	Vacina fronte a tétano e difteria
<b>TV</b>	Vacina triple vírica (fronte a sarampelo, rubéola e parotidite)
<b>VNC</b>	Vacina pneumocócica conxugada de 13 serotipos
<b>VNP</b>	Vacina pneumocócica de polisacáridos de 23 serotipos
<b>VPH</b>	Vacina fronte ao virus do papiloma humano
<b>VPI</b>	Vacina de poliovirus inactivada
<b>VVZ</b>	Vacina fronte á varicela



## Introdución

A vacinación infantil constitúe desde hai anos un dos piares fundamentais da loita fronte ás enfermidades infecciosas. Isto é debido ás excelentes coberturas vacinais acadadas nesa poboación e á incorporación nos últimos anos de produtos vacinais de probada eficacia en adultos.

Estes feitos fan que o eido da vacinación deba realizar un importante cambio no seu posicionamento, incorporando non só un calendario vacinal para os nenos/adolescentes, senón a continuidade e reforzo destas vacinacións na idade adulta ao longo de toda a vida.

Todas as recomendacións oficiais van nesta liña; a OMS no seu Plan 2015-2020 da Organización Rexional para Europa, o Centro Europeo para a Prevención e Control das Enfermidades (ECDC) e outras axencias internacionais e comités asesores de vacinación de recoñecido prestixio (ACIP, NACI, JCVI...), así como a Comisión Europea, xa recollen esta dimensión da vacinación que non remata na infancia, senón que supón unha extensión destas actuacións á idade adulta, abordaxe que xa aparece no “Calendario de vacinación ao longo de toda a vida” aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde no ano 2020.

Ata o de agora en Galicia, igual que na maior parte das comunidades autónomas, contamos con varios calendarios vixentes segundo a poboación á que van destinados: vacinación infantil dos 2 meses aos 14 anos; calendario de adultos (na nosa Comunidade desde o ano 2017),

ademais do calendario de grupos de risco e determinadas situacións especiais (2019), e o calendario acelerado de vacinación (2019).

Nesta revisión preténdese dar recomendacións xerais de vacinación onde se englobe a vacinación rutineira na poboación infantil, adolescente e adulta (calquera persoa sen necesidade de pertenza a un grupo de risco). Para calquera indicación específica de vacinación nun menor ou nun adulto pertencente a un grupo de risco, esta información deberá complementarse co documento de “Vacinación en grupos de risco e en determinadas situacións”, dispoñible na páxina web da Consellería: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Vacinacion-en-Grupos-de-Risco-e-en-determinadas-situacions>.

Tamén se abordan os criterios para iniciar ou completar a vacinación non realizada ou incorrectamente realizada tendo en conta as datas de inicio dos calendarios, a introdución de vacinas no tempo, a epidemioloxía das diferentes enfermidades e o resultado das recentes enquisas de seroprevalencia. No caso de persoas con pautas incompletas ou inexistentes, os intervalos entre as vacinas pódense acurtar; para obter máis información cóntase co calendario acelerado de vacinación, que se pode consultar no seguinte enderezo: [https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6142/Calendario\\_acelerado\\_vacinacio%CC%81n\\_xullo2019.pdf](https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6142/Calendario_acelerado_vacinacio%CC%81n_xullo2019.pdf).

Todas estas recomendacións fanse desde o rigor científico, atendendo aos produtos vacinais dispoñibles no mercado e ás indicacións das fichas técnicas destes. Ofértase a todos os puntos de vacinación da Comunidade a dispoñibilidade de todas as recomendacións para poder afrontar este reto, que suporá un traballo integrado de todos os profesionais nun labor coordinado e que protexerá a poboación ao longo de toda a vida.

É importante aproveitar calquera contacto co sistema sanitario, incluíndo os servizos de prevención de riscos laborais, para revisar e actualizar o estado de vacinación da poboación.

Este documento, polo tanto, pretende ser unha ferramenta de apoio ao profesional no día a día, coa actualización simplificada das indicacións de vacinación e pautas de administración axustadas ás diferentes idades e situacións, con recomendacións de vacinación que se inician coa vacinación prenatal (administración da vacina dTpa á muller embarazada para a protección do seu fillo neonato fronte á tose ferina) e mantéñense ao longo da vida.



# 1. Vacinación fronte a difteria-tétano e tose ferina


Grupo de poboación	Idade	Vacina
<b>Prenatal (mulleres embarazadas)</b>	Semana 27 de xestación	1 dose de dTpa
<b>Poboación infantil</b>	2 meses	1 dose de DTPa
	4 meses	
	11 meses	
	6 anos	1 dose de recordo de DTPa/VPI ou dTpa (segundo calendario previo)
	14 anos	1 dose de recordo de Td
<b>Poboación adulta</b>	15-64 anos	Completar ata 5 doses de Td se o calendario está incompleto
	65 anos	1 dose de recordo de Td



## En mulleres embarazadas

Adminístrase unha dose de vacina fronte a difteria-tétano e tose ferina de baixa carga antixénica (dTpa) a todas as mulleres embarazadas a partir das 27 semanas de xestación, preferiblemente **nas semanas 27 ou 28**. Este proceso repetirase con cada embarazo.

No caso de que exista un risco de prematuridade, pódese administrar desde a semana 20 de xestación.



## En poboación infantil

Adminístranse 3 doses de vacina fronte á difteria, tétano e tose ferina acelular infantil de alta carga (DTPa) aos 2, 4 e 11 meses de vida, de forma combinada como vacina HEXAVALENTE (xunto cos compoñentes fronte á polio, á hepatite B e ao Hib).

Adminístrase unha dose de recordo aos 6 anos de idade, empregándose un tipo de vacina ou outra segundo o seu calendario previo:

- Nados a partir do 1 de xullo de 2016, vacunados con hexavalente ou pentavalente aos 2, 4 e 11 meses: vacina combinada fronte á difteria, tétano, tose ferina e polio DTPa/VPI (esta vacina comezou a administrarse o 1 de xullo de 2022).
- Nados antes do 1 de xullo de 2016, vacunados con hexavalente ou pentavalente aos 2, 4, 6 e 18 meses: vacina fronte a difteria, tétano e tose ferina de baixa carga antixénica (dTpa).

Aos 14 anos administrárase unha dose de vacina fronte a tétano e difteria (Td).

## En poboación adulta

A vacinación fronte ao tétano e a difteria (Td) tamén está indicada en todas as persoas a partir dos 7 anos non vacinadas previamente ou con calendario incompleto. Haberá que verificar o estado de vacinación previo antes de iniciar ou completar unha pauta de primovacinação con Td.

No caso de ser necesario completar o calendario, vacínase con Td ata completar 5 doses segundo o seguinte esquema:

Persoas sen doses previas				
PRIMOVACINACIÓN			DOSES DE RECORDO	
Td 1. <sup>a</sup> dose	Td 2. <sup>a</sup> dose	Td 3. <sup>a</sup> dose	Td 4. <sup>a</sup> dose	Td 5. <sup>a</sup> dose
Tan pronto como sexa posible	Polo menos 1 mes despois da 1. <sup>a</sup> dose	Polo menos 6 meses despois da 2. <sup>a</sup> dose	10 anos despois da 3. <sup>a</sup> (Intervalo mínimo: 12 meses)	10 anos despois da 4. <sup>a</sup> (Intervalo mínimo: 12 meses)
Persoas con vacinación incompleta (menos de 5 doses)				
Completar ata 5 doses				

As persoas con **calendario vacinal completo** (polo menos 5 doses na infancia ou adolescencia) recibirán **unha dose de recordo ao redor dos 65 anos**.

## Vacinación ante feridas

A vacinación deberá adecuarse no caso de **profilaxe antitetánica en feridas**, segundo o estado inmunitario previo:

Antecedentes de vacinación	Ferida limpa <sup>1</sup>		Ferida tetanixena <sup>2</sup>	
	Vacina (Td)	IGT <sup>a</sup>	Vacina (Td)	IGT <sup>a</sup>
<3 doses ou descoñecida	SI (completar vacinación)	NON	SI (completar vacinación)	SI
3 ou 4 doses	Só administrar unha dose se hai máis de <b>10 anos</b> desde a última dose	NON	Só administrar unha dose se hai máis de <b>5 anos</b> desde a última dose	NON <sup>3</sup>
5 ou máis doses	NON	NON	NON (se hai máis de 10 anos desde a última dose, valorar a administración dunha única dose adicional en función do tipo de ferida)	NON <sup>3</sup>

No caso de inmunodeprimidos e usuarios de drogas por vía parenteral, administrárase unha dose de inmunoglobulina no caso de feridas tetanixenas, sexan ou non de alto risco, independentemente do estado de vacinación.

a IGT: inmunoglobulina antitetánica. Administrárase nun lugar separado da vacina. En xeral adminístranse 250 UI. Se transcorren máis de 24 horas, en persoas con máis de 90 kg de peso, en feridas con alto risco de contaminación ou en caso de queimaduras, fracturas ou feridas infectadas, administrárase unha dose de 500 UI.

1 Ferida limpa: as non incluídas no seguinte apartado.

2 Feridas tetanixenas: feridas ou queimaduras cun importante grao de tecido desvitalizado, ferida punzante (particularmente onde houbo contacto co chan ou con esterco), as contaminadas con corpo estraño, fracturas con ferida, mordeduras, conxelación, aquelas que requiran intervención cirúrxica e que esta se atrase máis de seis horas, e aquelas que se presenten en pacientes que teñen sepsis.

3 Aquelas feridas tetanixenas contaminadas con gran cantidade de material que pode conter esporas e/ou que presente grandes zonas de tecido desvitalizado (feridas de alto risco) recibirán unha dose de inmunoglobulina.

## 2. Vacinación fronte á polio

Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	2 meses	1 dose de VPI
	4 meses	
	11 meses	
	6 anos	1 dose de VPI de recordo aos nados a partir do 1 de xullo de 2016
Poboación adulta	A partir dos 14 anos	1 dose, se hai risco e non está vacinado, salvo excepcións

### En poboación infantil

Adminístranse 3 doses de vacina fronte á polio inactivada (VPI) aos 2, 4 e 11 meses de vida, en forma combinada como vacina HEXAVALENTE (xunto cos compoñentes fronte a difteria, tétano e tose ferina, á hepatite B e ao Hib).

Adminístrase unha dose de recordo de vacina combinada fronte a difteria, tétano, tose ferina e polio DTPa/VPI aos menores vacinados co esquema 2, 4 e 11 meses cando acaden os 6 anos (nenos/as nados a partir do 1 de xullo de 2016). Os nados antes desa data non recibirán a vacina fronte á polio ao cumprir os 6 anos (xa recibiron catro doses antes desta idade).

### En poboación adulta

Naqueles adultos que non reciben a pauta de primovacinação na infancia e no caso de via-xar a zonas específicas endémicas ou epidémicas, exposición laboral e/ou pertenza a grupos de risco (salvo excepcións) só será necesaria a vacinación con 1 dose de VPI.

### 3. Vacinación fronte ao *Haemophilus influenzae* tipo B (Hib)

Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	2 meses	1 dose de Hib
	4 meses	
	11 meses	
Poboación adulta	Non se recomenda a vacinación a partir dos 5 anos, salvo grupos de risco	



#### En poboación infantil

Adminístranse 3 dose de vacina fronte á Hib aos 2, 4 e 11 meses de vida, en forma combinada como vacina HEXAVALENTE (xunto cos compoñentes fronte a difteria, tétano e tose ferina, á hepatite B e á polio).

#### En poboación adulta

Non se recomenda a vacinación de Hib a partir dos 5 anos de maneira rutineira, salvo determinados grupos de risco. Consultar máis información no seguinte enderezo: [https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6140/Vacinacio%CC%81n%20en%20grupos%20de%20risco\\_agosto2019%20.pdf](https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6140/Vacinacio%CC%81n%20en%20grupos%20de%20risco_agosto2019%20.pdf).

## 4. Vacinación fronte á hepatite B

Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	2 meses	1 dose de HB
	4 meses	
	11 meses	
Poboación adulta	Pauta 0, 1 e 6 meses	

### En poboación infantil

Adminístranse 3 doses de vacina fronte á hepatite B aos 2, 4 e 11 meses de vida, en forma combinada como vacina HEXAVALENTE (xunto cos compoñentes fronte a difteria, tétano e tose ferina, á polio e ao Hib).

Esta pauta manterase sempre que se poida asegurar unha alta cobertura de cribado prenatal fronte á hepatite B na embarazada.

No caso de fillos de nais portadoras da hepatite B ou non cribadas durante ou embarazo, con HBsAg positivo ou descoñecido, a pauta é diferente, xa que se administrarán de forma precoz 4 doses en lugar das 3 habituais. A pauta será aos 0-2-4 e 11 meses de idade, administrándose a 1.<sup>a</sup> dose nas primeiras 24 horas de vida xunto coa administración de inmunoglobulina anti-HB.

### En poboación adulta

En Galicia estableceuse no ano 1994 o Programa galego de prevención e control da hepatite B, no que se iniciou a vacinación universal dos neonatos e a vacinación dos preadolescentes nados a partir de 1982 aos 12 anos. Por tanto, na nosa Comunidade haberá que avaliar o estado da vacinación das persoas nadas a partir de 1982 e das persoas con risco ocupacional de exposición ou pertenza a determinados grupos de risco.

Naqueles casos nos que estea indicado e non fosen vacinados con anterioridade, administraranse 3 doses con pauta 0, 1 e 6 meses, e en determinadas circunstancias pode ser precisa unha pauta acelerada aos 0, 7, 21 días e 12 meses ou 0, 1, 2 e 12 meses.

No caso de non contar cunha pauta de vacinación completa, administraranse as doses necesarias ata acadar as tres doses.

## 5. Vacinación fronte á enfermidade meningocócica

Grupo de poboación	Idade	Vacina	
Poboación infantil	2 meses	1 dose de MenB	
	4 meses	1 dose de MenC	1 dose de MenB
	12 meses	1 dose de MenACWY	1 dose de MenB
	12 anos	1 dose de MenACWY	
Poboación adulta		<ul style="list-style-type: none"> <li>■ <i>Catch-up</i> nados entre 2001 e 2007 coa vacina MenACWY</li> <li>■ 1 dose de MenB e/ou ACWY se hai situación de risco</li> </ul>	

### En poboación infantil

#### MenC

Administrárase unha dose de vacina fronte ao meningococo C (MenC) aos 4 meses.

#### MenACWY

Desde o ano 2022 modifícase a vacinación fronte á meninxite aos 12 meses, administrándose a vacina fronte aos serotipos A, C, W e Y, nos nenos e nenas nados a partir do 1 de novembro de 2021.

Administrárase ademais unha dose de recordo coa vacina MenACWY aos 12 anos.

#### MenB

Desde o ano 2022 inclúese ademais a vacinación dos nenos/as nados a partir do 1 de setembro de 2022 coa vacina fronte ao meningococo B (MenB). O serogrupo B é causa de enfermidade pouco frecuente pero moi grave e con secuelas importantes.

Administráranse 2 doses de vacina MenB aos 2 meses e aos 4 meses de idade. Ademais 1 dose de recordo aos 12 meses.

### En poboación adulta

Estase a realizar un *catch-up* de todas aquelas cohortes de nados entre os anos 2001 e 2007, administrándose unha dose de vacina tetravalente fronte aos serotipos ACWY, independentemente da recepción previa da vacina fronte ao meningococo C aos 12 anos.

No caso de vacinación de adultos pertencentes a grupos de risco, consultar máis información no seguinte enderezo: [https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6140/Vacinacio%CC%81n%20en%20grupos%20de%20risco\\_agosto2019%20.pdf](https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6140/Vacinacio%CC%81n%20en%20grupos%20de%20risco_agosto2019%20.pdf).

## 6. Vacinación fronte a sarampelo, a rubéola e a parotidite (vacina triple vírica)

VACINA FRONTE Á TRIPLE VÍRICA		
Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	12 meses	1 dose de TV
	3 anos	1 dose de tetravírica (sarampelo, rubéola, parotidite e varicela)
Poboación adulta		2 doses separadas polo menos 4 semanas en nados a partir de 1968

### En poboación infantil

Administráranse 2 doses de vacina fronte a sarampelo, rubéola e parotidite (vacina da triple vírica) aos 12 meses e aos 3 anos de vida, esta última xunto á vacina fronte á varicela nun produto combinado.

### En poboación adulta

A epidemioloxía amosa que nos últimos brotes de sarampelo, derivados de casos importados, os contactos afectados adoitan ser persoas nadas entre os anos 1970 e 2000, a maioría sen documentación de ter sido vacinados. Isto explícase pola menor circulación vírica debido á introdución da vacina triple vírica no calendario da nosa Comunidade Autónoma no ano 1981, a incorporación da segunda dose no ano 1995 (aos 11 anos) e a campaña extraordinaria do ano 1999, no que se adianta a segunda dose aos 3 anos e se recaptan todos os nenos/as de entre 3 e 11 anos, acadando coberturas moi altas e mantidas no tempo.

Todo isto é avalado polos últimos estudos de seroprevalencia e conclúese que nas persoas nadas antes de 1968 se pode asumir que xa padeceron o sarampelo.

Por tanto, recoméndase a vacinación en persoas sen protección fronte a estas enfermidades nadas a partir de 1968 non vacinadas, que non pasasen a enfermidade e/ou nos que non haxa evidencia de inmunidade por proba de laboratorio.

Nestes casos administráranse 2 doses de vacina TV cun intervalo de 4 semanas entre elas, o antes posible. A aquelas persoas que recibiran con anterioridade 1 dose de vacina administráraselles unha 2.<sup>a</sup> dose, sempre respectando o intervalo de 4 semanas entre doses.



## 7. Vacinación fronte á varicela

Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	15 meses	1 dose de VVZ
	3 anos	1 dose de tetravírica
	12 anos	En non vacinados e que non pasaran a enfermidade
Poboación adulta		2 doses separadas polo menos 4 semanas se hai situación de risco

### En poboación infantil

Administráranse dúas doses de vacina fronte á varicela, a primeira aos 15 meses e a segunda aos 3 anos de vida, esta última xunto á vacina TV nun produto combinado (tetravírica).

A vacinación fronte á varicela foi introducida no calendario de vacinación infantil no ano 2005, para preadolescentes susceptibles sans aos 12 anos, e tamén para grupos de risco de todas as idades.

Nestes momentos aqueles adolescentes que ao chegar aos 12 anos non pasasen a enfermidade e non estean vacinados con 2 doses deben recibir a vacina fronte á varicela, con pauta de 2 doses separadas entre elas por un intervalo mínimo de 4 semanas (preferiblemente 8 semanas). Se xa recibiron 1 dose con anterioridade, deben recibir 1 soa dose ao chegar a esta idade.

### En poboación adulta

En persoas adultas susceptibles a varicela pode causar importante morbimortalidade. Os estudos de seroprevalencia amosan que das persoas nadas antes de 1990 menos dun 10% son susceptibles e no caso das nadas antes de 1970, un 5%.

Por tanto, nas persoas adultas deberá valorarse a indicación de vacinación atendendo a criterios epidemiolóxicos e tendo en conta os criterios de evidencia de inmunidade fronte a esta enfermidade:

- Documentación de vacinación con 2 doses.
- Antecedentes de padecemento de varicela.
- Historia de herpes zóster.
- Confirmación serolóxica (IgG positiva).

Nas persoas que non cumpran cos criterios anteriores está indicada a realización dunha determinación serolóxica. Se a persoa é susceptible (IgG negativa), recoméndase a vacinación con pauta de 2 doses de vacina fronte á varicela cun intervalo de polo menos 4 semanas entre as dúas doses.

## 8. Vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH)

Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	12-14 anos	2 doses de VPH separadas polo menos 6 meses
Poboación adulta	≥15 anos	3 doses de VPH con pauta 0, 1-2, 6 meses se hai condicións de risco

### En poboación infantil

A vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH) estableceuse en Galicia na poboación infantil feminina no ano 2008, para as mulleres nadas a partir do 1 de xaneiro de 1994, introducíndose na poboación infantil masculina a partir do 15 de setembro do ano 2022 para todos aqueles nenos nados a partir do 1 de xaneiro de 2010.

A inclusión desta vacina nos nenos baséase en que unha porcentaxe importante da enfermidade afecta o home, asociándose ao desenvolvemento de cancro orofarínxeos e anais, así como a verrugas na mesma localización. Ademais, a vacinación xeraría protección bidireccional, aumentando a protección das mulleres.

Administráranse 2 doses cunha separación de polo menos 6 meses aos nenos e nenas aos 12 anos de idade.

### En poboación adulta

A vacina está indicada para todas as mulleres non vacinadas, nadas a partir do ano 1994. Así mesmo, está indicada en determinados grupos de risco, tanto homes como mulleres. Nalgúns grupos de risco só ata os 45 anos. Consultar máis información no seguinte enderezo: [https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6140/Vacinacio%CC%81n%20en%20grupos%20de%20risco\\_agosto2019%20.pdf](https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6140/Vacinacio%CC%81n%20en%20grupos%20de%20risco_agosto2019%20.pdf).

Por riba dos 15 anos a pauta de vacinación é de 3 doses aos 0, 1-2, 6 meses (segundo o produto vacinal utilizado). No caso de pautas incompletas, completárase en función da idade de administración da primeira dose:

- 1.<sup>a</sup> dose en <15 anos: 2 doses (0, 6 meses)
- 1.<sup>a</sup> dose en ≥15 anos: 3 doses (0, 1-2, 6 meses)

## 9. Vacinación fronte á enfermidade pneumocócica

Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	2 meses	VNC
	4 meses	
	11 meses	
Poboación adulta	65 anos	VNC
	66 anos	VNP

### En poboación infantil

Administraranse 3 doses de vacina pneumocócica conxugada fronte a 13 serotipos (VNC) aos 2, 4 e 11 meses de idade.

A introdución en calendario infantil desta vacina iniciouse en Galicia no ano 2011 para todos aqueles rapaces e rapazas nados a partir do ano 2010, polo que se algunha persoa nada despois do 1 de xaneiro de 2010 non está vacunada fronte ao pneumococo deberá actualizarse ou seu calendario.

- Se a vacinación se inicia por riba dos 12 meses, a pauta é de 2 doses cun intervalo mínimo de 2 meses entre elas.
- Se a vacinación se inicia por riba dos 24 meses, só é necesaria unha dose.

### En poboación adulta

Todas as persoas ao cumprir 65 anos deben recibir unha dose de VNC.

Esta vacinación incorpórase ao calendario do adulto en Galicia no ano 2017, polo que todas as persoas nadas desde o 1 de xaneiro de 1952 que non recibisen esta vacina deberían recibir unha dose de VNC.

Posteriormente, todas as persoas que cumpran 66 anos recibirán 1 dose de vacina pneumocócica de polisacáridos (VNP), para ampliar o espectro de protección fronte ao pneumococo que produce a VNC. Tamén recibirán esta vacina VNP todos aqueles que naceran antes do 1 de xaneiro de 1952 e non estean vacunados con anterioridade.

Se se administrou en primeiro lugar a vacina de VNP, débese esperar 1 ano para administrar a VNC. O intervalo mínimo tras a administración de VNC é de dous meses para a administración de VNP, sendo o intervalo recomendado dun ano.

No resto de tramos de idade, a vacinación con VNC e/ou VNP só se recomenda en determinados grupos de risco.

## 10. Vacinación fronte á gripe

Grupo de poboación	Idade	Vacina
Poboación infantil	6-59 meses	1 dose (2 doses en menores de 59 meses non vacinados con anterioridade)
	A partir dos 5 anos	1 dose se hai condición de risco (2 doses en menores de 9 anos non vacinados con anterioridade)
Poboación adulta	Mulleres embarazadas	1 dose
	Ata os 60 anos	1 dose se hai condición de risco
	A partir dos 60 anos	1 dose



## En poboación infantil

Desde a campaña antigripal do ano 2022 recoméndase a vacinación fronte á gripe dos nenos/as de entre os 6 e os 59 meses de idade (ata antes de cumprir os 5 anos) cunha dose de vacina tetravalente.

Esta recomendación baséase na alta carga de enfermidade e taxas de hospitalización neste grupo de idade, incluíndo complicacións, infeccións bacterianas secundarias e consumo de antibióticos asociados. Prevese que a vacinación diminúa tamén a enfermidade noutros grupos de idade ao reducir a transmisión dos nenos/as aos maiores.

Tamén se recomenda a vacinación fronte á gripe nos nenos/as a partir dos 5 anos pertencentes a grupos de risco ou que sexan conviventes doutras persoas de risco.

En menores de 9 anos non vacinados con anterioridade administraranse dúas doses separadas por 4 semanas.

## En poboación adulta

Durante a tempada da gripe vacinaranse todas as embarazadas, independentemente do trimestre de xestación no que se atopen. Tamén deberán vacinarse durante o puerperio todas aquelas mulleres que non se vacinaron durante o embarazo.

Recoméndase a vacinación cunha dose da vacina fronte á gripe durante a campaña anual das persoas de 60 ou máis anos, realizando especial fincapé na vacinación das persoas de 65 ou máis anos.

No resto de tramos de idade a vacinación fronte á gripe só se recomenda en determinados grupos de risco e nos conviventes destes.



Carmen Durán Parrondo  
DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA



# Anexo I

## Precaucións e contraindicacións máis frecuentes

# 1. Precaucións xerais das vacinas

Engloba a condición dunha persoa que poida aumentar a posibilidade ou a intensidade dunha reacción adversa ou ben alterar a capacidade da vacina de producir inmunoxenicidade:

- Recoméndase pospoñer a administración da vacina ata a recuperación clínica en caso de enfermidade aguda moderada ou grave, con ou sen febre, ou febre alta (máis de 38,5 axilar ou 39 rectal).

# 2. Contraindicacións xerais das vacinas

Unha contraindicación é unha condición na persoa que aumenta considerablemente as posibilidades dunha reacción adversa grave:

- Antecedentes dunha reacción anafiláctica grave despois da administración dunha vacina contraindica poñer unha segunda dose.
- Hipersensibilidade aos principios activos ou aos excipientes da vacinación (revisar antes da administración os compoñentes da ficha técnica).
- O uso de vacinas vivas está contraindicado no embarazo (recoméndase tamén evitar o embarazo ata un mes despois da vacinación), así como se hai compromiso significativo do sistema inmune.
- O uso de vacinas vivas está contraindicado en casos de inmunosupresión grave.

# 3. Precaucións e contraindicacións específicas de determinadas vacinas

## 3.1. Vacinas co compoñente *pertussis* DTPa, dTpa

### Contraindicacións

- Se sufriu unha encefalopatía de etioloxía descoñecida nos 7 días posvacinación cunha vacina de compoñente *pertussis*, están contraindicadas estas vacinas.

### Precaucións

- En caso de trastorno neurolóxico non controlado ou epilepsia non controlada, pospoñerese a vacinación ata o seu control.



## 3.2. Triple vírica e tetravírica

### Contraindicacións

- As contraindicacións das vacinas vivas.
- Alerxia á neomicina.
- Se desenvolveu púrpura trombocitopénica tras 6-8 semanas da primeira dose, non se debe administrar a segunda.

### Precaucións

- En caso de alerxia grave ou reacción anafiláctica ao ovo, poden vacinarse, aínda que se recomenda que o fagan en centros sanitarios cos medios adecuados.

## 3.3. Varicela

### Contraindicacións

- As contraindicacións das vacinas vivas.
- Alerxia á neomicina.



# Anexo II




## Administración cronolóxica das vacinas do calendario

## Prenatal

I A partir da semana 27 de xestación en cada embarazo (20 se hai prematuridade).





Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Difteria, tétano e tose ferina acelular con baixa carga antixénica (dTpa)	<b>Triaxis</b> , Sanofi Aventis		Suspensión inxectable en xiringa precargada e 1 ou 2 agullas separadas	Intramuscular, na rexión deltoide

## 2 meses

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (VPI), <i>Haemophilus influenzae</i> B (Hib), hepatitis B (Hep B)	<b>Vaxelis</b> , MSD		Suspensión inxectable en xiringa precargada sen agulla separada ou 1-2 agullas separadas	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa
Pneumococo conxugada 13-valente	<b>Prevenar 13</b> , Pfizer		Suspensión inxectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	
Meningococo B <sup>1</sup>	<b>Bexsero</b> , GlaxoSmithKline, (GSK)		Suspensión inxectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	

1. Nados a partir do 1 de setembro de 2022.

## 4 meses

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (VPI), <i>Haemophilus influenzae</i> B (Hib), hepatitis B (Hep B)	<b>Vaxelis</b> , MSD		Suspensión inyectable en xiringa precargada con agulla separada ou 1-2 agullas separadas	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa
Pneumococo conxugada 13-valente	<b>Prevenar 13</b> , Pfizer		Suspensión inyectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	
Meningococo C	<b>NeisVac-C</b> , Pfizer		Suspensión inyectable en xiringa precargada con 2 agullas intercambiáveis de diferente tamaño	
Meningococo B <sup>1</sup>	<b>Bexsero</b> , GlaxoSmithKline, (GSK)		Suspensión inyectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	

1. Nados a partir do 1 de setembro de 2022.

## 11 meses

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (VPI), <i>Haemophilus influenzae</i> B (Hib), hepatitis B (Hep B)	<b>Vaxelis</b> , MSD		Suspensión inyectable en xiringa precargada con agulla separada ou 1-2 agullas separadas	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa
Pneumococo conxugada 13-valente	<b>Prevenar 13</b> , Pfizer		Suspensión inyectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	

## 12 meses

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Meningococo A, C, W e Y <sup>1</sup>	<b>MenQuadfi</b> , Sanofi Aventis		Suspensión inyectable en vial separado e con ou sen agulla separadas	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa/rexión externa do músculo deltoide
Sarampelo, rubéola e parotidite (TV)	<b>Priorix</b> , GlaxoSmithKline, (GSK)		Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con 2 agullas separadas	Subcutánea ou intramuscular na rexión externa do músculo deltoide (recomendación vía subcutánea)
Meningococo B <sup>2</sup>	<b>Bexsero</b> , GlaxoSmithKline, (GSK)		Suspensión inyectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa/rexión externa do músculo deltoide

1. Nados a partir do 1 de novembro de 2021.
2. Nados a partir do 1 de setembro de 2022.


## 15 meses

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Varicela (VVZ)	<b>Varivax</b> , MSD		Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con 2 agullas separadas	Subcutánea ou intramuscular na rexión externa do músculo deltoide (recomendación vía subcutánea)

## 3 anos

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Sarampelo, rubéola, parotidite e varicela	ProQuad, MSD		Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con ou sen 1-2 agullas separadas	Subcutánea ou intramuscular na rexión externa do músculo deltoide (recomendación vía subcutánea)

## 6 anos

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Difteria, tétano e tose ferina acelular (DTPa) e polio (VPI) <sup>1</sup>	Infanrix-IPV, GlaxoSmithKline, (GSK).		Suspensión inxectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	Intramuscular, na rexión deltoide

1. Para os nados antes do 1 de xullo do 2016, utilizarase a vacina dTpa (Triaxis).

## 12 anos

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Meningococo A, C, W e Y	MenQuadfi, Sanofi Aventis		Suspensión inxectable en vial separado e con ou sen agulla separadas	Intramuscular, na rexión deltoide
Virus do papiloma humano (VPH) <sup>1</sup>	Gardasil 9, MSD		Suspensión inxectable en xiringa precargada ou vial separado con ou sen agulla separada	

1. Ademais da vacinación en mulleres, inclúese a vacinación en varóns nados a partir do 1 de xaneiro de 2010.


## 14 anos

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Tétano e difteria (Td)	<b>Diftavax,</b> Sanofi Aventis		Suspensión inxectable en xiringa precargada con agulla	Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide/subcutánea en caso de diátese hemorráxica

## 65 anos

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Tétano e difteria (Td)	<b>Diftavax,</b> Sanofi Aventis		Suspensión inxectable en xiringa precargada con agulla	Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide/subcutánea en caso de diátese hemorráxica
Pneumococo conxugada 13-valente	<b>Prevenar 13,</b> Pfizer		Suspensión inxectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	Intramuscular, na rexión deltoide

## 66 anos

Vacina	Nome comercial e laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración	
Pneumococo (polisacárida 23-valente)	<b>Pneumovax 23,</b> MSD		Suspensión inxectable en xiringa precargada con ou sen agulla separada	Intramuscular ou subcutánea na rexión deltoide

As vacinas fronte á gripe recóllense de forma específica na instrución anual correspondente.







Consellería  
de Sanidade

Saúde Pública

Instrucións

37

D



XUNTA  
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL  
DE SAÚDE PÚBLICA



Xacobeo 21·22